

Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017 e 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

GDR 19 - Asociación Terras de Compostela.

Convocatoria 2017-2018: solicitudes de axuda presentadas ata 31 de marzo de 2017.

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017) e mediante a Resolución do 30 de decembro de 2016 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2017 e 2018 (DOG nº 20, do 30 de xaneiro de 2017).

Para o financiamento desta convocatoria, no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 está consignado un crédito de 13.520.102,00 € nas aplicacións orzamentarias de Agader 13.A1.712A.7600, 13.A1.712A.7700 e 13.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 13.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Con respecto á anualidade 2018, está retido un crédito de 7.630.000,00 €.

O Anexo II da citada convocatoria establecía para o GDR a seguinte distribución por anualidades:

ANO	IMPORTE
2017	563.337,58
2018	278.567,66
TOTAL	841.905,24

Por outra parte, o director xeral da Agader, emitiu o 24/03/2017 unha resolución pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas na convocatoria da medida Leader de Galicia para as anualidades 2017 e 2018, os importes máximos dispoñibles para o GDR, dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables



SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.017	%	2.018	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	183.084,72	32,50	90.534,49	32,50	273.619,21	32,50
	Non productivos (entidades públicas locais)	329.552,48	58,50	162.962,08	58,50	492.514,56	58,50
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	36.616,94	6,50	18.106,90	6,50	54.723,84	6,50
	Formación	14.083,44	2,50	6.964,19	2,50	21.047,63	2,50
	TOTAL		563.337,58		278.567,66		841.905,24

Ademais, o 12/05/2017 o director xeral da Agader emitiu a resolución pola que se lle autorizaba ao GDR un importe máximo dispoñible con cargo á anualidade 2017 para a submedida 19.4 (gastos en custes correntes e animación). Tendo en conta que este GDR non solicitou para gastos correntes e animación todo o importe dispoñible na cláusula 10ª do Convenio de Colaboración asinado con Agader, este importe non solicitado incrementa o saldo global dispoñible na anualidade 2017 da submedida 19.2, segundo as contías que por tipoloxías de proxectos se reflicten no cadro orzamentario que a seguir se indica; de conformidade coa Resolución do 20 de xullo de 2017 do director xeral de Agader pola que se amplía a dotación orzamentaria (DOG nº 143 do 28 de xullo de 2017).

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.017	%	2.018	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	210.467,66	33,66	92.254,86	33,12	302.722,52	33,49
	Non productivos (entidades públicas locais)	360.473,25	57,65	162.743,61	58,42	523.216,86	57,89
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	38.745,00	6,20	16.605,00	5,96	55.350,00	6,12
	Formación	15.575,50	2,49	6.964,19	2,50	22.539,69	2,49
	TOTAL		625.261,41		278.567,66		903.829,07

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:



- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto).
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR do 9 de agosto de 2017
- Existe coherencia cos informes proposta das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR

RESOLVO que procede publicar o resultado da convocatoria de que se trata do seguinte xeito:

- 1) Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: proxectos produtivos (anexo I), proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo II).
- 2) Establecer a listaxe de proxectos para os que procede a denegación da subvención por non cumprir algún dos requisitos indicados nas bases reguladoras e/ou na estratexia do GDR (anexo III).
- 3) Establecer as listas de agarda (diferenciando por tipoloxías), de proxectos para os cales se constata a inexistencia de fondos suficientes. Anexo IV (lista de agarda de proxectos produtivos) e anexo V (lista de agarda de proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas).
- 4) Establecer as listas de proxectos (diferenciando por tipoloxías) que desisten expresamente da subvención para esta convocatoria 2017-2018 por non aceptar a distribución da axuda e/ou o prazo de execución proposto polo GDR. Anexo VI (proxectos produtivos) e anexo VII (proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.



ANEXO I: PROXECTOS PRODUTIVOS SELECCIONADOS							
Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2017	IMPORTE AXUDA 2018	Puntuación segundo o baremo
L17.1920.19.0019	AMPLIACION E DESENVOLVEMENTO DUNHA PEME DE VENDA DE PRODUTOS PARA O AGRO	AGROESPARIS COMERCIAL, S.L	394.346,62	0,43	84.784,52	84.784,52	76,00
L17.1920.19.0010	MEDIDAS DE AFORRO ENERXÉTICO E USO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN EXPLOTACIÓN DE LEITE DE A BAÑA-GUIMARANS	XUANEIRO, SAT Nº 980 XUGA	258.000,00	0,39	99.330,00	0,00	67,00
L17.1920.19.0032	ALBERGUE DE 1ª CATEGORIA EN GRANXA ESCOLA BERGANDO	KARMADEN S.L. (*)	274.886,02	0,38	26.353,14	7.470,34	66,00
					210.467,66	92.254,86	

(*) Expediente con resolución parcial, ten 70.633,21 € sen adxudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto.



ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUTIVOS SELECCIONADOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2017	IMPORTE AXUDA 2018	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L17.1920.19.0022	DINAMIZACIÓN E IMPULSO DA ECONOMÍA LOCAL A TRAVÉS DA APLICACIÓN MÓBIL PARA O USO DOS COSTAVALES	ASOCIACIÓN COSTAVALES	61.500,00 €	90%	38.745,00	16.605,00	84,00	Alta
			61.500,00		38.745,00	16.605,00		



ANEXO III: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA			
Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L17.1920.19.0015	M ^a DEL CARMEN SANTASMARINAS DEVESA	6	O PROXECTO NON CONTA CO INFORME FAVORABLE DA COMISIÓN MIXTA DA AXENCIA GALEGA DE TURISMO E AGADER
L17.1920.19.0023	PANADERÍA PASTELERÍA LA CANELA, S.L.	6	A OBRA CIVIL VINCULADA Á MAQUINARIA E EQUIPAMENTO SOLICITADO, ESTABA INICIADA NA DATA DE REALIZAR A ACTA DE NON INICIO

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acadá a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións



ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L17.1920.19.0007	MU_MORADAS NO ULLA	FRANCISCO R. DEVESA SENIN	90.011,31 €	37,25%	64,50
L17.1920.19.0026	INSTALACION DE TRATAMIENTO TERMICO DE CORTEZA DE PINO	VISTA JARDIN, S.L.	372.594,00	36,50%	63,00
L17.1920.19.0020	TALLER DE ARTESANIA SILVEREIRA	JUAN J. FERNANDEZ LAMAS	108.212,09	36,25%	62,50
L17.1920.19.0030	INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO DE 75,48 KWP EN GRANXA DE VISÓNS (BRIÓN)	LOIS GÓMEZ ROGELIO Y J. MANUEL SC	85.320,40	34,50%	59,00
L17.1920.19.0003	AMPLIACIÓN E MELLORA PRODUTIVA DE PANADERÍA RURAL	M ^a CARMEN CAJARAVILLE SANCHEZ	90.777,86	32,75%	55,50
L17.1920.19.0004	INSTALACIÓN DE CARNICERÍA E AMPLIACIÓN DE HIPERMERCADO RURAL	MANUEL NUÑEZ RUA	36.431,53	32,75%	55,50
L17.1920.19.0024	HELIXULLA	EMILIO CLEMENTE GONZALEZ	20.800,00	32,50%	55,00
L17.1920.19.0037	CLINICA ODONTOLÓGICA SILVIA LUJÁN GUERINI CILIS	SILVIA LUJÁN GUERINI CILIS	117.845,70	32,25%	54,50
L17.1920.19.0008	ADQUISICIÓN DE CENTRO MECANIZADO PARA EMPRESA DO SECTOR DO METAL	SUEIROGAL, S.L.	99.000,00	30,75%	51,50
L17.1920.19.0002	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA Y EQUIPOS NUEVOS	MONTAJES METÁLICOS LAYSAN, S.L.	45.000,00	30,00%	50,00
L17.1920.19.0031	AMPLIACIÓN DO NOSO ESPAZO INFANTIL PARA UNHA MELLORA NO SERVIZO ÓS NOSOS CLIENTES	LUSCOFUSCO UN ESPAZO PARA SENTIR, S.C.G.	3.041,81	30,00%	50,00



ANEXO V : LISTA DE AGARDA PROXECTOS NON PRODUTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade



ANEXO VI : listas de proxectos (produtivos) que desisten expresamente da subvención para esta convocatoria 2017-2018 por non aceptar a distribución da axuda e/ou o prazo de execución proposto polo GDR

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L17.1920.19.0035	TURISMO ENOLOGICO EN BOQUEIXON (APARTAMENTOS TURISTICOS UNA LLAVE)	ENOTURISMO MARIA MANUELA, S. L.	398.700,00 €	44,00%	78,00	L17.1920.19.0035



ANEXO VII: lista de proxectos (non produtivos promovidos por entidades privadas) que desisten expresamente da subvención para esta convocatoria 2017-2018 por non aceptar a distribución da axuda e/ou o prazo de execución proposto polo GDR

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L17.1920.19.0028	INTRODUCCIÓN DO SISTEMA DE ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS CENTROS DA ASOCIACIÓN ASPAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	ASOCIACIÓN ASPAS	76.157,40	84,20%	75	Alta
L17.1920.19.0009	AULA PARA UN AMES POSPETRÓLEO	ASOCIACIÓN TOUDA	23.294,09	81,71%	73	Alta

Santiago de Compostela

O director xeral da Agader

(Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

